

Ordena as viñetas



--	--	--

Le con moita atención e responde ás preguntas

O ARMARIO DE MINION.

Os minions son unha creación do Dr. Nefario que cree que para facer ao traballador perfecto mesturou ADN mutante, acedos graxos e dúas cuncas e media de plátanos triturados. Así nacen os minions de cor amarela ,os cales forman o equipo de Gru. Son traballadores natos e entregados ás súas tolas fazañas, os minions sempre cooperan nos novos experimentos.

A linguaxe que falan é coñecida como MINION GIBBERISH : É unha mestura de palabras en idioma indio, francés, español e italiano e a maioría fan referencia a pratos de comida.

Unha mañá do mes de novembro, Minion abriu o armario novo para decidir que roupa poñer naquel día caloroso para asistir ao teatro. Na parte esquerda viu dúas camisas, tres camisetas azuis con mangas e unha sen mangas, tres pares de calcetíns brancos e dous de cor, dous pantalóns vaqueiros e un chándal azul. Na parte dereita tiña un xersei raiado e catro calzóns empaketados nunha caixa de cartón e colocados na parte baixa do armario. Comprobaba que dalgunhas prendas tiña moita variedade e doutras ,moi pouca. Ao final escolleu unha camisa ,un pantalón vaqueiro e calcetíns de cor.



1. Cantas camisetas tiña Minion no armario ?
2. Tiña algún impermeábel?
3. Como son as palabras da linguaxe que usan os minions?
4. Que elixiu ao final ?
5. Onde gardaba os calzóns?
6. A onde quería ir?
7. Que mesturou o Dr. Nefario para crear un Minion?
8. En que mes ocorre a acción do armario?

9. Ordena as viñetas

